

SE VIAXO AO ESTRANXEIRO, ATOPAREI AS ETIQUETAS NAS ESTACIÓNS DE SERVIZO DO RESTO DE PAÍSES?

As novas etiquetas implementaranse nos 28 Estados membros da Unión Europea, nos países do EEE (Islandia, Liechtenstein e Noruega) e tamén en Macedonia, Serbia, Suíza e Turquía.

TEÑO PENSADO VIAXAR AO REINO UNIDO, IMPLEMENTARANSE ESTES REQUISITOS DE ETIQUETAXE TRAS O BREXIT?

Será o Reino Unido quen decida a forma en que se aplicarán as normas da Unión Europea despois do Brexit, pero os novos vehículos terán as etiquetas instaladas na liña de produción, de forma que os vehículos que entren no mercado do Reino Unido disporán de etiquetas.

CON RESPECTO AOS ERROS DE REPOSICIÓN DE COMBUSTIBLE

O colo de enchemento de combustible dun vehículo de gasolina é máis pequeno que a pistola de subministración dun surtidor de gasóleo. Isto axuda a evitar que os clientes poñan gasóleo nun vehículo de gasolina, aínda que é posible botar accidentalmente gasolina no depósito dun vehículo de gasóleo, a pesar de que este teña a etiqueta “Diésel” arredor do tapón de enchemento ou da tapa do depósito.

Os clientes son responsables de introducir o combustible correcto nos seus vehículos, sexa de gasolina ou diésel. Esta comunicación non aborda os casos en que un cliente poida botar gasolina accidentalmente no seu vehículo diésel. As novas etiquetas e esta comunicación tan só informan os clientes sobre a idoneidade do uso dun combustible nun determinado vehículo.

Este documento foi elaborado por ACEA, ACEM, ECFD, FuelsEurope e UPEI, as organizacións que representan os fabricantes de vehículos europeos (vehículos de dúas rodas, automóviles, furgonetas e vehículos pesados) e os sectores europeos da refinación e subministración de combustibles petrolíferos. A información que contén este documento está suxeita ás leis nacionais específicas de cada Estado membro para a implementación da Directiva 2014/94/UE.



A tradución deste documento foi elaborada por ANFAC, ANESDOR, AOP e UPI, as asociacións españolas que representan os fabricantes de vehículos (vehículos de dúas rodas, automóviles, furgonetas e vehículos pesados) e os sectores da refinación e subministración de produtos petrolíferos.

ETIQUETAXE DE COMBUSTIBLES PARA VEHÍCULOS DE ESTRADA

INFORMACIÓN PARA OS CONSUMIDORES

INFORMACIÓN XERAL

Co fin de lles axudar aos consumidores a seleccionar o combustible apropiado para os seus vehículos en toda Europa, a Unión Europea acordou novos requisitos de etiquetaxe para os novos vehículos e para os puntos de reposición de combustible. A partir de outubro de 2018, aparecerá un novo conxunto, único e harmonizado, de etiquetas de combustible en toda Europa.



Estas etiquetas figurarán:

- Na proximidade do tapón de enchemento ou da tapa do depósito dos vehículos novos.
- Nos manuais de usuario dos novos vehículos e poden aparecer tamén nos manuais electrónicos dispoñibles a través do centro multimedia do vehículo.
- Nos surtidores e nas pistolas de subministración de todas as estacións de servizo de acceso público.
- Nos concesionarios de vehículos.

QUE TIPO DE VEHÍCULOS ESTÁN AFECTADOS POR ESTE REQUISITO DE ETIQUETAXE?

As etiquetas aparecerán nos seguintes vehículos novos:

- Ciclomotores, motocicletas, triciclos e cuadríciclos.
- Turismos.
- Vehículos comerciais lixeiros.
- Vehículos comerciais pesados.
- Autobuses e autocares.



ESTÁN TODOS OS VEHÍCULOS AFECTADOS?

Non. A lexislación europea esixe as etiquetas só para os novos vehículos comercializados por primeira vez ou matriculados a partir do 12 de outubro de 2018.

Os fabricantes de vehículos non recomentan colocar as etiquetas en vehículos máis antigos. En caso de necesitar un maior asesoramento, recoméndase poñerse en contacto co distribuidor local.

CANDO DEBEN ESTAR ESTAS ETIQUETAS VISIBLES NOS ESTADOS MEMBROS DA UE?

As etiquetas deben estar colocadas nos novos vehículos e nos surtidores de gasolina, gasóleo, hidróxeno (H2), gas natural comprimido, gas natural licuado e gas licuado de petróleo das estacións de servizo de acceso público de todos os países da Unión Europea, de forma clara

e visible para os consumidores, a partir do 12 de outubro de 2018. Debido a que se trata dunha data de obrigado cumprimento, os fabricantes de vehículos e as estacións de servizo comezarán a introducir estas etiquetas antes desa data.



COMO FUNCIONAN AS ETIQUETAS?

A etiqueta é unha ferramenta visual para lles axudar aos consumidores a verificar que seleccionaron correctamente o combustible apropiado para o seu vehículo.

Vostede só deberá comprobar que a etiqueta do seu vehículo coincide coa etiqueta colocada no surtidor de combustible.

ESTAS ETIQUETAS AFÉCTANME SE O MEU VEHÍCULO É ELÉCTRICO?

Si, se o seu vehículo é híbrido-eléctrico deberá repoñer o combustible apropiado e, polo tanto, ha de ter en conta a etiquetaxe. Actualmente estase deseñando, para a súa futura implementación, un conxunto

de etiquetas similar ao que se describe nesta comunicación para os vehículos eléctricos de baterías e a súa infraestrutura de recarga.

COMO SON AS NOVAS ETIQUETAS?

Existen deseños específicos de etiquetas para cada tipo de combustible: gasolina, gasóleo e combustibles gasosos (por exemplo, o hidróxeno):

A etiqueta utilizada para a gasolina é un círculo, onde o «E» designa os biocomponentes específicos presentes na gasolina):

COMBUSTIBLES DE TIPO GASOLINA



A etiqueta utilizada para o gasóleo é un cadrado, onde o «B» designa os compoñentes específicos de biodiésel presentes no gasóleo, mentres que «XTL» significa diésel sintético; é dicir, que non deriva do cru de petróleo:

COMBUSTIBLES DE TIPO GASÓLEO



A etiqueta utilizada para os combustibles gasosos represéntase cun rombo:

COMBUSTIBLES GASOSOS

